

Sra. conselleira do Medio Rural
Edificio administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/14265/17

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Sra. conselleira:

Esta Institución ten coñecemento pola presentación de iniciativas e polas novas recollidas nos medios de comunicación, sobre a situación actual, orixinada pola *praga da couza guatemalteca* que está a afectar á pataca galega nalgunhas comarcas e concellos de Galicia.

A situación foi debatida na sesión plenaria do Parlamento de Galicia do 22 de febreiro e nas sesións extraordinarias urxentes dalgúns concellos, así como en xuntanzas informativas dirixidas por expertos en sanidade vexetal.

Para facer fronte a esta praga, reclamáronse adopción de medidas, necesarias e urxentes, por parte das administracións públicas, en especial da Consellería do Medio Rural e da administración central do Estado.

En relación coa devandita problemática, que afecta á pataca galega, esta Institución, ao abeiro do artigo 22.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, considera oportuno a apertura dunha investigación, sumaria e informal, coa finalidade de ser informada no prazo de quince días hábiles, sobre as medidas adoptadas pola administración autonómica en relación coa prohibición de plantar patacas en determinadas zonas de Galicia, así como das recomendacións formuladas para o control e erradicación desta praga

En consecuencia, requirimos desa consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira do Medio Rural
Edificio administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/14265/17


Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017

Sra. conselleira:

Por mor da queixa iniciada de oficio por esta institución, pola situación orixinada pola *praga da couza guatemalteca* que está a afectar á pataca galega, por escrito do 27 de febreiro de 2017 (R. saída nº 2608/17), requiriuse informe a esa consellería.

Transcorrido amplamente o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle a través deste escrito para que dea cumprimento urgente ao preceptuado na citada lei autonómica (adiantando o informe vía fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de tódolos poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da citada Lei).

Reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira do Medio Rural
Edificio administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/14265/17

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017

Sra. conselleira:

Acusamos recibo do seu escrito do 27 de marzo (R. saída nº 32025 / RX 551025) e do informe do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal que nos traslada, en relación co expediente de queixa referenciado, iniciado de oficio por esta Institución, pola situación orixinada pola *praga da couza guatemalteca* que está a afectar á pataca galega.

Asimesmo tomamos coñecemento das medidas recomendadas e obrigatorias para facer fronte á citada praga.

O devandito informe achégase ao expediente de queixa F.7.Q/14265/17, que se declara concluso e integrarase no informe ordinario do ano 2017, que se presente ao Parlamento de Galicia.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo